



BOLETÍN 151
SETEMBRO 2021

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

30 ANIVERSARIO DO PR-G1 GALIÑEIRO



O **PR-G1 Sendeiro do Galiñeiro**, promovido polo **Club Montañeiros Celtas** no 1991, foi o primeiro sendeiro de pequeno recorrido (PR) trazado en Galicia, co apoio da Deputación Provincial de Pontevedra. En 2021, trinta anos despois, é revisado para axeitarse á nova realidade da paisaxe e incorpora a variante PR-G1.1.

Este outono faremos unha andaina para celebrar o trinta aniversario e inaugurar as dúas novas variantes.

Esta actividade estará prevista para as socias e socios de todas as idades e sección.

Estade atentas e atentos ao voso correo electrónico no que vos daremos todos os detalles desta xuntanza.

Contamos con vós para participar neste aniversario e inauguración tan especial para o Club Montañeiros Celtas!



Seccións

Montaña.....	2
Sendeiro.....	4
Bici de montaña.....	4
Infantil.....	5
Social.....	5
Cultura e M. Ambiente.....	6
Escalada.....	6
Novas.....	7

Vindeiras Actividades

- 25 + 1 Campamento Infantil-Xuvenil de Espeleoloxía.
- Pequemarcha Magosto Aloia
- Actividade Infantil-Xuvenil no Aloia
- Picos de Europa
- Magosto

CONFIDENCIALIDADE: Segundo o Regulamento (UE) 2016/679 RGPD, o responsable do tratamento dos seus datos é CLUB MONTAÑEIROS CELTAS. A finalidade do tratamento é atender ás comunicacións de interese para ambas partes, sendo a base legal o consentimento outorgado. Non se cederán datos a terceiros. Se o desexa, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación e supresión, entre outros, tal e como se explica na información adicional que poderá obter remitindo un correo electrónico ó enderezo administracion2@celtas.net ou nas oficinas do Club.

MONTAÑA

Parque Nacional de Ordesa e Monte Perdido 1-10 de agosto


ORDESA, NO CORAZÓN DOS PIRINEOS

A medida que a covid vai cedendo terreo, o club Montañeiros Celtas volve a realizar as máis grandes actividades montaíneas. Pireneos ofrece todo o que necesitamos, montañas, sendeiros, ferratas e pobos para gozar ao final da xornada. Hospedámonos en Torla, repartidos entre albergues e casas rurais, o que fai un pouco difícil a convivencia, aínda así, o pobo no é tan grande e como veciños nos que acabamos converténdonos, imos establecendo os nosos puntos de encontro.

Día 2 - Luns **MONDICIERO (2296 m)** e **TOZAL DE COMAS (2354 m)**

A día dous xa estamos cos motores a tope e, a pesar de que esta primeira ascensión non é das máis altas, atóaselle a máis de un. Tempo haberá para irille tomando as medidas a estas montañas.

Desde Torla, saímos cara ao Cámping Ordesa e ascendemos polo carreiro detrás do cámping ata un punto, aos 1600m e antes de chegar á pista, onde se dividiron os dous grupos. Uns seguiron cara ao Mondiciero cruzando a pista e outros seguiron o carreiro marcado cara ao repetidor con vistas sobre Ordesa e o val de Bujaruelo sen chegar á pista. O grupo de Mondiciero seguiu ata o Tozal de Comas e baixaron cara ao carreiro que seguía o outro grupo. O tramo de baixada común foi por un haiedo de beleza espectacular. Tempo investido: 8 h e media, 1600 m de desnivel acumulado.



Día 3 - Martes **PICO TAILLÓN (3146 m)** – **BRECHA DE ROLDÁN**

Parece que imos ter un día despexado aínda que algo frío. Son as seis da mañá cando subimos aos taxis que nos aproximarán a S. Nicolás de Bujaruelo. A xornada será longa e dura polas baixas temperaturas que experimentaremos, pero o bo humor e as ganas de chegar a un sitio tan emblemático poden con todo.

Iníciase a marcha cruzando o río Ara pola ponte románica e en continuos zigzags pola forte pendente, pásase xunto a un par de refuxios antes de chegar ao Porto de Bujaruelo ou de Gavarnie (2270 m) onde xa empezamos a sentir un frío importante. Seguimos o camiño ao refuxio de Serradets, en dirección E., está moi ben marcado, con suave pendente no seu inicio e espectaculares vistas sobre O Dedo e a Falsa Brecha ao S., e o Vignemale ás costas. Despois a costa endurecese ata chegar ao Colado de Serradets. Extraordinaria visión da Brecha de Roldán e da ferverza de Gavarnie. Desde o refuxio subiuse á Brecha, e tamén por carreiro moi marcado chégase ao Taillon onde o vento frío aumentaba. A volta fíxemola polo mesmo camiño. Tempo investido: 10 horas, 2000 m de desnivel acumulado.



Día 4 – Mércores **MONTE PERDIDO**

Por fin imos subir ao Monte Perdido. Farémolo en dúas xornadas, cousa que me ilusiona especialmente, se hai algo que merece a pena é durmir contemplando as estrelas e isto nos Pireneos, sen luces que estraguen a escuridade, convértese nunha experiencia inesquecible.

Desde o aparcadoiro da Pradería subiuse pola senda da Pradería ata a Cola de Cabalo, desde alí un grupo deuse a volta polo mesmo camiño e outro subiu ata o refuxio de Goriz para durmir alí e poder facer ao día seguinte Monte Perdido. Tempo investido: 4 horas e media, 1200 m de desnivel.



Día 5 - Xoves **MONTE PERDIDO (3355 m)**

Para moitos esta subida ao Monte Perdido non era a primeira, non por iso nos pareceu menos importante, senón todo o contrario. Desta vez, a mirada era máis pausada, comparativa, máis descubridora.

Pasamos a noite en tendas de campaña alugadas no refuxio, a cea tamén se serviu alí e como non, as merecidas cervexas. Todo en medio dun ambiente internacional e abundante de xente.



Parque Nacional de Ordesa e Monte Perdido

1-10 de agosto



A subida a Monte Perdido fíxose desde o refuxio pola súa vía normal, sinalizada por fitos de pedra, descenso polo mesmo camiño ata o refuxio de Goriz e despois pola Faixa de Pelay, descenso pola senda dos cazadores ata a Pradería e bus de volta a Torla. Tempo investido 9 h, 1500 m de ascenso, 2500 de descenso.

Día 6 – Venres **FERRATA SORROSAL en Broto**

Contan os que a fixeron que foi para gozar dende o primeiro a último minuto.

O primeiro tramo, moi vertical, ofrecía vistas sobre o pobo de Broto, pero ninguén podía apartar os ollos das pozas que había debaixo e as que se tiraban en caída libre un grupo de espéleo dende unha altura considerable.

Sen dúbida o que máis nos sorprendeu foi ter que atravesar un túnel polo que percorría un torrente de auga no que intentaron non mollarse, non sei ben se o conseguirían.



Día 7 - Sábado **VIGNEMALE (3298 m)**

Esta foi a saída máis exigente de todas. So un grupo reducido de montañeiros con experiencia e excelente forma física realizou esta actividade, os demais subimos en taxis ata o Refuxio de Bujaruelo para dirixirnos cara o fermoso Val de Otal e baixar andando de volta ata Torla.

Só montaña: casco, piolet e crampóns. O roteiro para seguir coñécese como Vía da Moskova e considérase a vía normal na vertente española. Desde o Refuxio de Ordiso (1550 m) subimos ata Cabana Cerbillonar. Desde a cabana iníciase o ascenso por un bosque baixo que vai dando lugar a praderías. Cando se chega ao Barranco Labaza (1800 m) seguimos subindo pola parte verde polo lado esquerdo do barranco, para cruzar o barranco máis arriba e poñernos encima dunha zona de grandes bloques de pedra que forman unha cortada. Despois destes bloques iníciase a pedrera, de pedra moi solta que cae con frecuencia e sen aviso, de aí a importancia do casco. O último tramo cara ao Colado de Lady Lister (3200 m) contén unha cheminea de subida bastante fácil. Desde o colado se baixa ao Glaciar D´ Ossue, crúzase o glaciar en dirección N e en subida alcázase o cume do Vignemale. Regreso polo mesmo camiño. Ao baixar atopámonos coa cortada en que terminan os bloques de pedra que se menciona ao subir, hai que ir á dereita para cruzar o barranco e baixar pola parte verde, ollo: na cortada baixando non coller á esquerda, non hai por onde baixar. Tempo a investido: 12 h, 2300 m de desnivel.



Día 8 – Domingo **TOZAL DO MALLO (2284 m)**

Os días vanse acabando e este é o último. Realizaremos dúas actividades na mesma zona, pero de diferente nivel de dificultade. Uns irán as Clavijas de Cotatuero, Faixa das Flores, Tozal do Mallo e outros faremos a Faixa de Racón. Todos xuntos collemos o bus a Ordesa e alí emprendemos camiños diferentes. Curiosamente estaremos todo o rato camiñando en paralelo, pero separados por uns cincocentos metros de altitude.

Cotatuero, Faixa das Flores, Tozal do Mallo. Coller o bus á Pradería de Ordesa e dirixirse polo GR-11. Coller o carreiro á esquerda cara ao Barranco de Cotatuero e que leva ás Clavijas de Cotatuero. A clavijas teñen un cable co que é posible subilas asegurado. Unha vez arriba hai sinalización cara á Faixa das Flores, pero hai que ter coidado, non estivemos atentos ao altímetro e pasámonos da faixa e houbo que andar un pouco cara atrás. Ao final da Faixa, antes das clavijas de Salarons, desvíámonos para facer o Tozal do Mallo, un saínte que non é moi alto pero debido á súa posición ten unhas vistas espectaculares do val de Ordesa. Baixamos polas clavijas de Salarons. Tempo investido: 9 h, desnivel acumulado 1500 m. Quedan moitos Pirineos por vivir e moitas ganas de volver. Son xa un clásico na nosa actividade montañeira e nunca defraudan. Enrique S e Melu L.

SENDEIRO

Sendeiro- Montaña no Xurés 11-12 de setembro

Saímos de Vigo as oito da mañá para chegar a Lobios e recoller á nosa guía Rosa ás 10, un total de 17 persoas.

1º día: subida ao Coto Fonte Fría de 1458 m. Ás 10,30, despois de darnos a información correspondente da dificultade do camiño e algúns consellos como levar suficiente auga por non habela en todo o percorrido, iniciamos a andaina en San Paio, camiñamos ata Bouzas e ata o foso do lobo de Guende, onde fixemos unha pequena parada para re-
por forzas e deleitarnos coas preciosas vistas. Seguimos andando ao longo do carreiro, pero debido á calor e ao cansazo algunhas persoas quedaron na base do Coto e tan só fixeron cume 9 persoas entre as cales Isa e Elvira foron a representación feminina. Dos nove, catro seguiron para pasar a noite na montaña e os outros cinco baixaron para unirse ao resto do grupo. O regreso fíxose polo foso e o carreiro do lobo ata a altura de Guende. Alí a nosa animada guía tomou unha pequena desviación para levarnos ás ondas do río Mao (así lle chaman ás pozas) onde nos demos uns maravillosos baños que nos refrescaron e déronnos ánimos para finalizar o percorrido en O Puxedo ás 19 h, despois de percorrer 15 km e 637 m de desnivel positivo.

2º día: Corga dá Fecha. O domingo, despois dun bo almorzo, comezamos a andaina ás 9,30 h desde Os Baños. Visitamos a mansión romana Aquis Originis e empezamos a subir A Corga da Fecha deixando a ferverza sempre á nosa esquerda. Esta subida de forte pendente levouse ben grazas á hora temperá e á abundante vexetación. Chegamos a Cabana do Curro e a partir de aquí vén a parte que Rosa, nosa guía, entende que é llanear; para os demais, é unha subida con moita pendente por un monte queimado e pedregoso, sen moito atractivo, pero que facemos para alcanzar a pista que nos leva ás minas das Sombras. Sobre as 13,30, atopamos o noso remanso de paz á beira da ponte sobre o río Vilameá, onde comemos. Aquí refíxose o grupo ao incorporarse os catro que vivaquearan na montaña e empezamos o descenso ata a ermida da Nosa Señora do Xurés, finalizando en Vilameá á 18,30 h, despois de percorrer 17 km e 947 m de desnivel positivo. Todos e todas contentos de finalizar sen ningún contratempo as dúas xornadas de camiñata, e dándolle as grazas á maravillosa guía e a nosa presidenta por tan boa organización, subímonos ao bus para regresar. Marga A.



BICI DE MONTAÑA

Bici de montaña Mosteiro de Aciveiro e Cardán 19 de setembro

Comezamos o ano co obxectivo de realizar percorridos polas montañas de Galiza e visitar as fermosas xoias arquitectónicas e patrimoniais que supoñen os mosteiros que salpican a nosa xeografía. Desta vez foi o de Aciveiro, e continuaremos con Carboeiro, Oia, Armenteira, Poio, Oseira, Sobrado dos Monxes, ...

O percorrido comezou a carón do Mosteiro de Aciveiro, fermosa construción da época do cister (fundado en 1162), desde o que nos diriximos a aldea de Andón, onde se atopa a ponte vella (poldras de pedra para cruzarmos o río Lérez) e a ponte nova (ponte da época medieval que se atopa uns metros máis abaixo no río Lérez).

Abandonamos Andón para encarar a serra do Candán, ferida hoxe en día polas cicatrices dun parque eólico. Alí buscamos as famosas neveiras que eran explotadas polo mosteiro e nutrían de xeo ás principais vilas de Galicia nos séculos XVII e XVIII.

Despois de tan didáctica visita, encaramos as nosas monturas polas costas empinadas que levan ao punto máis alto desta Serra, o San Bieito que se atopa a máis de 1000 metros de altitude sobre o mar, e no que se poden apreciar unhas fermosas vistas da contorna.

Rematamos o percorrido baixando e completando o círculo, voltando ao Mosteiro de Aciveiro, onde queríamos realizar unha visita pero os horarios non nolo permitiron, tendo que adiala para a tarde, despois de zamparnos uns deliciosos pratos de carne das vacas da zona. Xulio T.



INFANTIL

Actividade de Orientación 11 de setembro

O 11 de setembro démonos cita no museo Liste en Vigo.

Despois dunha 'clase' teórica sobre os inicios da orientación na humanidade e da explicación do emprego dos primeiros reloxo: solares, de area, de auga, mecánicos,...., dos que moitos nenos e nenas demostraron ter moitos coñecementos, pasamos á práctica con xogos moi divertidos, tanto no interior do museo como nos xardíns, buscando pistas coa axuda duns planos, ata chegar ao cofre que puideron abrir grazas á combinación conseguida previamente. Tamén houbo tempo de facer reloxo de sol e atender á demostración de como fabricar un compás cunha agulla, un imán e auga.

Así chegamos ás 11.30h. O autobús xa esperaba por nós para levarnos ao merendero da Serra do Galiñeiro na parroquia de Vincios, no concello de Gondomar.

Alí, nese bonito e tan querido paraxe, xa estaba todo listo para participar na actividade de orientación que organizou Emilio coa axuda de moitos colaboradores aos que queremos agradecer.

Un total de oito grupos mixtos acompañados todos eles por un adulto, camiñaron polos arredores do merendero na procura das balizas. Cada grupo ía previsto de compás, mapa e folla de control. Algunhas balizas foron máis doadas de atopar ca outras. A idea, era que foran os cativos os que intentarían orientarse, tomaran decisións e buscaran solucións. Pensamos que cumpriuse co obxectivo.

Foi un día máis soleado do previsto e algúns camiños estaban pechados pola vexetación, o que aumentou un pouco a dificultade. Así e todo, foi divertido.

A actividade fíxose esperar polas limitacións da covid que provocou a demora para o comezo das actividades da sección infantil-xuvenil renovada. Con moita ilusión comezamos e esperamos poder continuar. Andrea R.



SOCIAL

Campamento de Verán O Grove 17-18 de Xullo

Un total de 75 socias e socios démonos cita no Cánting Moreiras situado no Grove. Moitos chegamos o venres para aproveitar dunha fin de semana de moita calor.

Alicia, no seu primeiro campamento coma vogal de Social, acollíanos cun sorriso e moita disposición para axudar.

Despois de montar as tendas iámonos xuntando na praia, que está a carón do cámping. Entre a calor e a auga, que estaba boísima, era imposible levar aos máis novos de volta ás tendas. E logo, o de sempre, cea, charlas, xogos, contemplación dun dos mellores solpores que vin na miña vida...

O sábado mentres que ían chegando o resto, algunhas familias decidimos ir dar unha volta, fixemos unha pequemarcha adiantada, visitamos o conxunto escultórico e etnográfico de Punta Moreiras.

O sábado pola tarde había organizada unha pequemarcha oficial que se converteu en case unha xubimarcha, porque coa calor que facía os máis pequenos preferiron quedar na auga e non sucumbiron aos encantos de Lourdes e Emilio.

Ao mesmo tempo saíron os de bici para facer oco mentres que Melu dirixía o churrasco acompañada por Dani. Xuntámonos todos no local cedido polo Cánting, e máis charlas, risas ata que foi hora de ir durmir, xa que ao día seguinte había que madrugar para ir ata a Illa de Sálvora ou facer a actividade de kaiak. Amenceu poallando e chovendo, e como di os daneses, non hai mal tempo senón mala roupa, pois aí seguimos co previsto. Fin de semana completa e marabillosa coma sempre. Mónica V.



CULTURA E M.AMBIENTE

Pequecampamento en Pinténs 18-19 de setembro

Logo do verán, campamento en Pinténs con marcha nocturna ao Facho de Donón, e domingo de praia e piraguas. A meirande parte chegou o sábado pola mañá, que logo de montar a tenda, houbo quen foi saudar á praia e o mar. Ás 17 horas reunión para comentar a organización do pequercampamento, os detalles do mesmo e levar os coches a Donón, para volver de noite. Ás 19,30h saímos pola porta do cámping cun sorriso na faciana e a intriga do pateo. Chegaremos? Chegaremos, coma sempre. Mochilas ao lombo coa cea, auga e roupa de abrigo, frontais que había impaciencia por encender e algúns cos chalecos reflectantes pois tiñamos 100m por estrada. 87 participantes, impacientes por patear subimos cara ao monte ata chegar á explotación de cabuxas e colmeas onde os máis cativos quedaron prendados dos animais. Paradiña máis adiante para tomar unha froita, dar uns grollos e encender os frontais: pasamos de serpe multicolor a santa compañía. Subida ao facho con case lúa chea, asombrados da preciosa noite e das vistas. Cea e pequeno descanso, e descenso ata Donón, onde estaban os coches. Volta ao Chiringo de Pinténs para compartir unha velada (algún pequerceltas non foi capaz, pois sucumbiu) de colacao con biscoito de Cal Barral, risas e comentarios e pasada a medianoite, para o sobre.



O domingo os peques espertaron coma motos, xogando ás carreiras e gardando o cansazo nunha bolsa. Almorzo reparador de zume, colacao/café/infusión, curasán e galletas, desmontaxe do pequercampamento e... praia. Praia, con posibilidade de dar unha volta en piragua (algúns pais trouxeron tamén, e asistimos á botadura do superkaiaak Pi I, testado pola organización) e cadaquén foi facendo o que lle apetecía, agrupándose os peques por momentos de xeito variados. Ás 14h tocou o momento de xantar, no chiringo de Pinténs, onde xa se vía o cansazo botando por fóra da bolsa. Logo do xantar, comezaron as despedidas, moitos seguiron na praia toda a tarde. Non se sabe de ningún rapaz que chegara desperto no coche ao chegar á estrada... Derrotados, satisfeitos, cando e onde a próxima? Emilio B.

ESCALADA

Escola de Escalada

A escalada de competición é algo moi emocionante, unha experiencia moi bonita onde hai que saber controlar os nervios. Empecei a competir hai xa 4 anos, aínda que só en competicións de base. No ano 2020 fun chamado para formar parte da selección galega sub 16, comezando a participar en diferentes campionatos nacionais na disciplina de Bloque.

O 1º campionato foi a Copa de Bloque en Madrid. Estaba algo nervioso, porque non sabía como ía ser, pero ao final paseino ben e fíxeno mellor do que esperaba. O 2º tamén foi en Madrid quedando no mesmo posto que na anterior, pero nesta paseino moito mellor porque fomos tres da federación ao mesmo hotel e foi máis divertido.

Nesta disciplina quedoume unha competición, pero non puíden asistir porque confináronme debido á COVID. Deume pena, pero como en xuño había a copa de dificultade, non me deu moita rabia. Esta disciplina de dificultade foi na que mellor o fixen e a que máis disfrutei, É a modalidade que máis me gusta porque é o momento no que só penso na vía. Nesta copa estiven a piques de acadar a final pero, por unha penalización quedei no posto 12.

A mellor parte do mes de xuño estiven adestrando para o CESA (Campionato de España de Selecciones Autonómicas de Escalada), que foi a competición mais importante para min e a que mais esforzo e tempo lle dediquei, valéndome moito a pena. O día que chamamos fixéronnos un test de antíxenos polo que estabamos todos moi nerviosos de dar positivo, pero dimos todos negativo. Paseino xenial, hospedámonos todos os da selección no mesmo hotel, pasando todo o día xuntos. O meu obxectivo era pasar a final e cando acabei as clasificatorias non tiña ningunha esperanza, e cando me dixeron que ía pasar, emocioneme e púxenme moi contento porque non o esperaba. Ao final quedei de sexto, pero contento por cumprir o meu obxectivo e por contribuír así, que a selección galega quedase no 2º posto na categoría sub 16. Agora toca adestrar para as seguintes competicións, Barcelona e Pamplona. Xián P.



MAGOSTO—ALOIA

Este mes de novembro volveremos organizar a Pequemarcha co magosto no Aloia.

A sección de bici de montaña tamén ten preparada a súa tradicional saída para rematar no refuxio e repoñer forzas.

A sección Infantil está a preparar un laboratorio dos sentidos, que tamén será no Monte Aloia! Ide preparando as castañas!

25 + 1 CAMPAMENTO INFANTIL—XUVENIL DE ESPELEO

Celebramos este ano o 25+1 Campamento Infantil Xuvenil Espeleoloxía, o 25 aniversario correspondía nese fatídico ano da covid19 o 2020, así, neste ano 2021, celebramos e actualizamos aniversario dende aquel primeiro Campamento onde se deron cita máis de 30 participantes para descubrir o que era unha cova.

COPA GALEGA DE ESCALADA

O Club Montañeiros Celtas xunto a FGM organizan o vindeiro 14 de novembro a III Proba da Copa Galega de Escalada en Idade Escolar.

A proba terá lugar en Pontevedra e comprende as categorías Alevín, Infantil e Cadete.

Anímadevos a participar!

PICOS DE EUROPA

A vindeira ponte da Constitución iremos aos Picos de Europa.

Será unha saída dende o 4 ao 8 de decembro e aloxarémonos en Valdeón. Atentos ao correo para máis información.

Anímadevos a participar!

SECHU LÓPEZ

O noso querido socio e amigo Sechu López recibiu o pasado mes de xuño o premio ao mellor deportista de montaña dos últimos dez anos. Parabéns, Sechu por este merecidísimo premio.



LOTERÍA DE NADAL

Xa está disponible no Club a lotería de Nadal! Non quededes sen ela! Participacións de 5€.





Edita: Club Montañeiros Celtas Edición: Mónica Vila
Colaboran neste número: Marga A., Emilio B., Melu L., Xián P., Andrea R., Enrique S., Xulio T., José Luis V.
Imprime: Copypucho
DP: vg-40-1998 Impreso en papel reciclado



**Publicorreo
Óptimo**

MONTAÑEIROS CELTAS

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS
Avda. Camelias, 78 oficina k – 36211 Vigo
Teléfono 986 438 505 /   @clubmontaneiroseltas
www.celtas.gal / info@celtas.net